

## PROXECTOS EXPOSITIVOS

### | XELA ARIAS. ASINAMOS SER LIBRES

Exposición promovida pola Xunta de Galicia, baixo xestión de Ouvirmos S.L., que percorrerá dez localidades galegas, con paradas en concellos da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta e en bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para difundir a figura, a vida, a obra e o contexto histórico que lle tocou vivir a Xela Arias.

Adianto de itinerancias:

 **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal**  
 Maio de 2021

 **Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo**  
 Xuño de 2021

### | TIGRES COMA CABALOS

Exposición promovida por Darío Gil co apoio da Xunta de Galicia, inspirada no poemario homónimo e artellada en 48 fotografías, que se exhibirá nos concellos de Santiago de Compostela e de Vigo. Acompañarase dunha reedición do poemario en formato de catálogo expositivo.

Lugares de exhibición:

 **Museo do Mar de Galicia** (Vigo)

 **Centro Galego de Arte Contemporánea** (Santiago de Compostela)

### | AQUELA NENA DE SARRIA

Exposición elaborada polo Colectivo Egeria e Galicia Dixital co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Sarria e da Real Academia Galega. Composta por doce paneis, reflicte o tempo sarrián e lucense de Xela Arias, a súa querenza por Sarria e o rural, o seu vencello co idioma galego e o empeño en que se recoñecese Xela como o seu nome real. Complétase con poemas dirixidos a Xela por alumnos

e alumnas dos institutos sarriáns Xograr Afonso Gómez de Sarria e Gregorio Fernández, por poetas de Sarria, así como de compañeiras poetas galegas que seguen os camiños que Xela trazou e ata un conxunto de “Vilariñas”, especiais micropoemas con imaxes cos que un grupo de membros da Nova Poesía Guitírica honra a Xela no seu ano.

A mostra inclúe fotografías facilitadas pola familia de Xela e unha serie de debuxos da pintora lucense Sabela Arias, que conforman un especial complemento ás fotografías que foron o punto de partida da autora para este traballo. De carácter itinerante, visitará primeiro os centros educativos de Sarria e logo os dos concellos limítrofes, para despois da Festa das Letras iniciar percorrido polo resto de Galicia.

Do 29 de marzo ao 4 de abril fará parada na **Biblioteca Pública de Lugo**.



## MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS

Como cada ano a Biblioteca de Galicia (BdG) celebrará o Día da Letras Galegas cunha exposición na que se dará a coñecer o fondo bibliográfico que custodia da autora homenaxeada este ano, Xela Arias.

 **Datas de exhibición:** do 17 de maio ao 28 de xullo de 2021